

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 9866** *Orde HAP/1751/2014, do 29 de setembro, pola que se aproba o formulario 034 de «Declaración de inicio, modificación ou cesamento de operacións abranguidas nos réximes especiais aplicables aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica no imposto sobre o valor engadido» e se regulan distintos aspectos relacionados con el.*

A Directiva 2008/8/CE do Consello, do 12 de febreiro de 2008, pola que se modifica a Directiva 2006/112/CE no que respecta ao lugar de prestación de servizos, dá nova redacción, con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2015, ao capítulo 6 «Réximes especiais para os empresarios ou profesionais non establecidos que presten servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión ou electrónicos a destinatarios que non sexan empresarios ou profesionais actuando como tales», do título XII, da Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido.

O prazo máximo para a transposición destes novos réximes especiais é o 1 de xaneiro de 2015. Non obstante, o artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 967/2012 do Consello, do 9 de outubro de 2012, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) n.º 282/2011, no que atinxe aos réximes especiais dos suxeitos pasivos non establecidos que presten servizos de telecomunicacións, de radiodifusión e televisión, ou por vía electrónica a persoas que non teñan a condición de suxeitos pasivos, establece que, coa finalidade de facilitar a aplicación destes réximes especiais e posibilitar que os servizos prestados a partir do 1 de xaneiro de 2015 queden cubertos por eles, debe permitirse que os empresarios ou profesionais non establecidos poidan presentar desde o 1 de outubro de 2014 os seus datos de rexistro, de acordo cos novos artigos 360 ou 369 quater da Directiva 2006/112/CE, ao Estado membro que designasen como Estado membro de identificación.

En consecuencia, cómpre aprobar un formulario que permita o rexistro dos empresarios ou profesionais que se acollen aos réximes especiais, previstos no capítulo 6, seccións 2 e 3, do título XII da Directiva 2006/112/CE, e que designen España como Estado membro de identificación.

Os datos identificativos solicitados para declarar o inicio, a modificación ou o cesamento de operacións comprendidas nestes réximes encóntranse comprendidos nos anexos I e II do Regulamento de execución (UE) n.º 815/2012 da Comisión, do 13 de setembro de 2012, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 904/2010 do Consello, no que atinxe aos réximes especiais dos suxeitos pasivos non establecidos que presten servizos de telecomunicacións, de radiodifusión e televisión ou electrónicos a persoas que non teñan a condición de suxeitos pasivos.

O artigo 117 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, habilita, no ámbito do Estado, o ministro de Economía e Facenda para aprobar os modelos de declaración, autoliquidación e comunicación de datos, así como para establecer a forma, o lugar e os prazos da súa presentación. A habilitación ao ministro de Economía e Facenda anteriormente citada débese entender conferida na actualidade ao ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co disposto no artigo 5 e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1823/2011, do 21 de decembro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais.

En virtude de todo o anterior, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Aprobación do formulario 034 de «Declaración de inicio, modificación ou cesamento de operacións comprendidas nos réximes especiais aplicables aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica no imposto sobre o valor engadido».*

1. Apróbase o formulario 034 de «Declaración de inicio, modificación ou cesamento de operacións comprendidas nos réximes especiais aplicables aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica no imposto sobre o valor engadido», que figura como anexo da presente orde.

2. Este formulario débena presentar, por vía electrónica a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, os empresarios ou profesionais que desexen acollerse a calquera dos réximes especiais previstos no capítulo 6 do título XII da Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro de 2006, aplicables desde o 1 de xaneiro de 2015, e que designen España como Estado membro de identificación.

Artigo 2. *Empresarios ou profesionais obrigados a presentar o formulario 034, de «Declaración de inicio, modificación ou cesamento de operacións comprendidas nos réximes especiais aplicables aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica no imposto sobre o valor engadido».*

Deberán presentar o formulario 034 para declarar o inicio, calquera modificación ou o cesamento das operacións comprendidas nos réximes especiais aplicables aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica:

a) Os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade no sentido do artigo 358 bis da Directiva 2006/112/CE do Consello, acollidos ou que desexen acollerse ao réxime especial aplicable aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica, e que opten por España como Estado membro de identificación.

b) Os empresarios ou profesionais establecidos na Comunidade, pero non no Estado membro de consumo, no sentido do artigo 369 bis.1) da Directiva 2006/112/CE, do Consello, acollidos ou que desexen acollerse ao réxime especial aplicable aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica, e que deban optar ou opten por España como Estado membro de identificación.

Artigo 3. *Forma e procedemento de presentación do formulario 034 para os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade que estean acollidos ou desexen acollerse ao réxime especial aplicable aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica.*

1. Para presentar o formulario 034 de «Declaración de inicio, modificación ou cesamento de operacións comprendidas nos réximes especiais aplicables aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica no imposto sobre o valor engadido», o empresario ou profesional deberá conectarse á sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, www.agenciatributaria.gob.es, e, dentro da parte habilitada para a declaración de inicio, modificación ou cesamento, no réxime especial, cubrir o formulario 034 dispoñible para o efecto. Neste formulario deberanse facer constar os datos de identificación exixidos, que se corresponderán en cada momento coa información estipulada na normativa reguladora deste réxime especial previsto no capítulo 6, sección 2, do título XII da Directiva 2006/112/CE, e que é aplicable desde o 1 de xaneiro de 2015.

2. A decisión de aprobación ou denegación da declaración de inicio no réxime especial será comunicada por medios electrónicos.

No caso de aprobar a declaración de inicio, comunicárase por vía electrónica o número de operador extracomunitario.

3. A presentación do formulario 034 realizarase exclusivamente por vía electrónica a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, www.agenciatributaria.gob.es, nas condicións e de acordo co procedemento previsto nos dous puntos seguintes.

4. A presentación do formulario 034 a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá ser efectuada:

- a) Polos empresarios ou profesionais ou, de ser o caso, polos seus representantes legais.
- b) Polas persoas ou entidades que, segundo o previsto no artigo 92 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, teñan a condición de colaboradoras sociais na aplicación dos tributos e cumpran os requisitos e as condicións que, para tal efecto, estableza a normativa vixente en cada momento.

5. A presentación do formulario 034 a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria estará suxeita ao cumprimento das seguintes condicións xerais:

a) O empresario ou profesional deberá dispoñer dun código de identificación individual, que lle expedirá a Axencia Estatal de Administración Tributaria no proceso de rexistro, e que será válido para os únicos efectos deste proceso.

b) Para efectuar a presentación electrónica utilizando un sistema de identificación e autenticación baseado en certificado electrónico, o empresario ou profesional deberá dispoñer dun certificado electrónico recoñecido de acordo coas condicións que establece a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, que resulte admisible pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Cando a presentación a realicen colaboradores sociais debidamente autorizados, serán estes os que deberán dispoñer dun certificado electrónico nos termos sinalados no parágrafo anterior.

c) Para efectuar a presentación electrónica, o empresario ou profesional poñerá en comunicación coa sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet e, dentro da parte habilitada para a declaración de inicio, modificación ou cesamento, correspondente ao réxime especial de referencia, cubrirá o formulario 034 dispoñible para o efecto.

A seguir transmitirá a declaración coa autenticación xerada co sistema de identificación e autenticación.

Se o que a presenta é un colaborador social debidamente autorizado, requirírase unha única autenticación, a correspondente ao seu certificado electrónico recoñecido.

d) Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle o formulario 034 validado cun código seguro de verificación de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación.

e) O empresario ou profesional deberá conservar a declaración aceptada co correspondente código seguro de verificación.

f) No suposto de que a presentación sexa rexeitada, mostrarase en pantalla unha mensaxe coa descrición dos erros detectados e deberase proceder á súa emenda.

g) Naqueles supostos en que por razóns de carácter técnico non sexa posible efectuar a presentación pola internet no prazo establecido, esta presentación poderase efectuar durante os catro días naturais seguintes ao do remate do dito prazo.

Artigo 4. *Forma e procedemento de presentación do formulario 034 para os empresarios ou profesionais establecidos na Comunidade pero non no Estado membro de consumo e que estean acollidos ou desexen acollerse ao réxime especial aplicable aos servizos de telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica.*

1. Para presentar o formulario 034 de «Declaración de inicio, modificación ou cesamento de operacións comprendidas nos réximes especiais aplicables aos servizos de

telecomunicacións, de radiodifusión ou de televisión e aos prestados por vía electrónica no imposto sobre o valor engadido», o empresario ou profesional deberá conectarse á sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, www.agenciatributaria.gob.es, e, dentro da parte habilitada para a declaración de inicio, modificación ou cesamento, no réxime especial, cubrir o formulario 034 dispoñible para o efecto. Neste formulario deberánse facer constar os datos de identificación exixidos, que se corresponderán en cada momento coa información estipulada na normativa reguladora deste réxime especial previsto no capítulo 6, sección 3.^a, do título XII da Directiva 2006/112/CE, e que é aplicable desde o 1 de xaneiro de 2015.

2. A decisión de aprobación ou denegación da declaración de inicio no réxime especial será comunicada por medios electrónicos.

3. A presentación do formulario 034 realizarase exclusivamente por vía electrónica a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, www.agenciatributaria.gob.es, nas condicións e de acordo co procedemento previsto nos dous puntos seguintes.

4. A presentación do formulario 034 a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá ser efectuada:

a) Polos empresarios ou profesionais ou, de ser o caso, polos seus representantes legais.

b) Por aqueles representantes voluntarios dos empresarios ou profesionais con poderes ou facultades para presentar electronicamente en nome destes declaracións e autoliquidacións ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria ou representalos ante esta, nos termos establecidos en cada momento pola Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

c) Polas persoas ou entidades que, segundo o previsto no artigo 92 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, teñan a condición de colaboradores sociais na aplicación dos tributos e cumpran os requisitos e as condicións que, para tal efecto, estableza a normativa vixente en cada momento.

5. A presentación do formulario 034 a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria estará suxeita ao cumprimento das seguintes condicións xerais:

a) O empresario ou profesional deberá dispoñer de número de identificación fiscal (NIF).

b) Para efectuar a presentación electrónica utilizando un sistema de identificación e autenticación baseado en certificado electrónico, o empresario ou profesional deberá dispoñer dun certificado electrónico recoñecido emitido de acordo coas condicións que establece a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, que resulte admisible pola Axencia Estatal de Administración Tributaria segundo a normativa vixente en cada momento.

Cando a presentación electrónica a realicen apoderados ou colaboradores sociais debidamente autorizados, serán estes os que deberán dispoñer do seu certificado electrónico, nos termos sinalados no parágrafo anterior.

No caso de que o empresario ou profesional sexa unha persoa física actuando en nome propio, tamén poderá utilizar un sistema de identificación e autenticación con clave de acceso nun rexistro previo como usuario, baseado no establecido no punto primeiro.3.c) e desenvolvido no anexo III da Resolución do 17 de novembro de 2011, da Presidencia da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se aproban sistemas de identificación e autenticación distintos da sinatura electrónica avanzada para relacionarse electronicamente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

c) Para efectuar a presentación electrónica, o empresario ou profesional ou, se é o caso, a persoa que faga a presentación no seu nome, poñerase en comunicación coa sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet e, dentro da

parte habilitada para a declaración de inicio, modificación ou cesamento, no réxime especial, cubrirá o formulario 034 dispoñible para o efecto.

A seguir transmitirá a declaración coa autenticación xerada co sistema de identificación e autenticación elixido de entre os mencionados anteriormente, sempre que resulte de aplicación en cada caso.

Se o que a presenta é unha persoa ou entidade autorizada a presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única autenticación, a correspondente ao seu certificado electrónico recoñecido.

Non obstante, nos supostos de presentación a través do sistema de identificación e autenticación con clave de acceso nun rexistro previo como usuario, procederase a transmitir a declaración mediante a consignación do número de identificación fiscal (NIF) do empresario ou profesional e a correspondente clave de acceso.

d) Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle o formulario 034 validado cun código seguro de verificación de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación.

e) O empresario ou profesional ou, se é o caso, a persoa que presentase a declaración, deberá conservar a declaración aceptada co correspondente código seguro de verificación.

f) No suposto de que a presentación sexa rexeitada, mostrarase na pantalla unha mensaxe coa descrición dos erros detectados e deberase proceder á súa emenda.

g) Naqueles supostos en que por razóns de carácter técnico non sexa posible efectuar a presentación pola internet no prazo establecido, esta presentación poderase efectuar durante os catro días naturais seguintes ao do remate do dito prazo.

Artigo 5. *Declaración de inicio.*

O réxime especial comezará a aplicarse a partir do primeiro día do trimestre natural seguinte a aquel en que o empresario ou profesional que deba optar ou opte por España como Estado membro de identificación presente, perante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a declaración de inicio das súas operacións comprendidas nun destes réximes especiais, cubrindo o formulario 034 dispoñible para estes efectos na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Non obstante, cando a primeira prestación dos servizos incluídos nese réxime especial teña lugar a partir do 1 de xaneiro de 2015 e con anterioridade á data establecida no parágrafo anterior, o réxime especial aplicarase a partir da data da primeira prestación, sempre que o empresario ou profesional que designe España como Estado membro de identificación presente ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, como máis tarde o décimo día do mes seguinte ao da primeira prestación, a información sobre o inicio das actividades ás cales se aplicará o réxime, cubrindo o formulario 034 dispoñible para estes efectos na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Artigo 6. *Declaración de modificación.*

1. O empresario ou profesional cuxo Estado membro de identificación sexa España deberá declarar á Axencia Estatal de Administración Tributaria calquera modificación na información proporcionada de acordo coa declaración de inicio de operacións comprendidas no réxime especial correspondente, como máis tarde o décimo día do mes seguinte ao cambio.

2. Cando o empresario ou profesional cuxo Estado membro de identificación sexa España cambie o Estado membro de identificación, deberá informar do cambio os dos Estados membros afectados como máis tarde o décimo día do mes seguinte ao do cambio.

3. A modificación deberase realizar cubrindo o formulario 034 dispoñible para estes efectos na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Artigo 7. *Declaración de cesamento.*

1. O empresario ou profesional cuxo Estado membro de identificación sexa España que queira deixar de utilizar algún dos réximes especiais deberá informar da súa decisión a Axencia Estatal de Administración Tributaria polo menos quince días antes de rematar o trimestre natural anterior a aquel en que se pretenda deixar de utilizar o réxime.

2. O empresario ou profesional cuxo Estado membro de identificación sexa España deberá comunicar, como máis tarde o décimo día do mes seguinte, a información seguinte:

- a) Se pon fin ás súas actividades cubertas por un dos réximes especiais.
- b) Se cambia as súas actividades de tal maneira que xa non reúna as condicións necesarias para o uso dese réxime especial.

3. A declaración de cesamento no réxime especial deberase realizar cubrindo o formulario 034 dispoñible para estes efectos na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orden entrará en vigor o día 1 de outubro de 2014.

Madrid, 29 de setembro de 2014.–O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
Cristóbal Montoro Romero.

ANEXO

**Agencia Tributaria**Teléfono: 901 33 55 33
www.agenciatributaria.es

Declaración de inicio, modificación o cese de operaciones comprendidas en los regímenes especiales aplicables a los servicios de telecomunicaciones, de radiodifusión o de televisión y a los prestados por vía electrónica en el Impuesto sobre el Valor Añadido.

Pág. 1

Formulario

034**Declaración de inicio o modificación. Régimen de la Unión****1. Causa de la presentación**

- Inicio
 Modificación

Espacio reservado para N° justificante

2. Declarante

NIF Apellidos y Nombre o Razón social

Denominación comercial

Incluido en un grupo de entidades País de la sede en el extranjero si no es una empresa UE
 SI NO Cod. País País

3. Datos de contacto

Correo electrónico

Página web

Persona de contacto

Teléfono

Dirección de contacto:

Calle Num. Bloq./Portal/Escal. Planta/Puerta Distrito

Ciudad C. Postal (ZIP) Provincia/Región/Estado Código País

4. Datos bancarios

IBAN

Banco (BIC)

Titular

5. Cambio del país de identificación

Código País Número de identificación en el país anterior (NIVA / NOE)
 NIVA / NOE

6. Comunicación de operaciones previas¿Ha realizado o va a realizar operaciones previas incluidas en el régimen especial? Sí NO

En caso afirmativo, indique la fecha de comienzo de las operaciones: _____

Formulario

NIF

Apellidos y nombre o razón o denominación social

Pág. 2

034**Declaración de inicio o modificación. Régimen de la Unión****7. Establecimiento permanente en otros países de la UE**

NIVA	Otros códigos identificativos			
Apellidos y Nombre o Razón social				
Calle	Num.	Bloq./Portal/Escal.	Planta/Puerta	Distrito
Ciudad	C. Postal (ZIP)	Provincia/Región/Estado		Código País
NIVA	Otros códigos identificativos			
Apellidos y Nombre o Razón social				
Calle	Num.	Bloq./Portal/Escal.	Planta/Puerta	Distrito
Ciudad	C. Postal (ZIP)	Provincia/Región/Estado		Código País
NIVA	Otros códigos identificativos			
Apellidos y Nombre o Razón social				
Calle	Num.	Bloq./Portal/Escal.	Planta/Puerta	Distrito
Ciudad	C. Postal (ZIP)	Provincia/Región/Estado		Código País

8. Identificación en otros países de la UE como No establecido

Código País	NIVA
Código País	NIVA
Código País	NIVA

9. Inclusión anterior en el régimen especial

Régimen	Código País	NIVA / NOE
Régimen	Código País	NIVA / NOE
Régimen	Código País	NIVA / NOE

**Agencia Tributaria**Teléfono: 901 33 55 33
www.agenciatributaria.es

Declaración de inicio, modificación o cese de operaciones comprendidas en los regímenes especiales aplicables a los servicios de telecomunicaciones, de radiodifusión o de televisión y a los prestados por vía electrónica en el Impuesto sobre el Valor Añadido.

Formulario

034**Declaración de cese. Régimen de la Unión****1. Causa de la presentación**
 Cese

Espacio reservado para N° justificante

2. DeclaranteNIF Apellidos y Nombre o Razón social **3. Fecha y motivo de baja**
 Dejar de prestar los servicios acogidos al régimen especial

 Cambio Estado miembro de identificación. Detalle:

 Voluntario

 Por cese del Establecimiento desde la siguiente fecha:
 Por traslado de Sede desde la siguiente fecha:
Indique su actual NIVA en dicho país
 Deja de cumplir las condiciones del régimen desde la siguiente fecha:
 Voluntario


Agencia Tributaria

 Teléfono: 901 33 55 33
 www.agenciatributaria.es

Declaración de inicio, modificación o cese de operaciones comprendidas en los regímenes especiales aplicables a los servicios de telecomunicaciones, de radiodifusión o de televisión y a los prestados por vía electrónica en el Impuesto sobre el Valor Añadido.
Formulario
034
Declaración de inicio o modificación. Régimen exterior a la Unión
1. Causa de la presentación

- Inicio
- Modificación

Espacio reservado para N° justificante

2. Declarante
Pais de la Sede e identificación

Código País

Número identificación fiscal

Identificación en España

NOE (Número identificativo de IVA de No establecido)

Código identificativo en España

Apellidos y Nombre o Razón social

Denominación comercial

3. Datos de contacto

Correo electrónico

Página web

Persona de contacto

Teléfono

Dirección de contacto:

Calle

Num.

Bloq./Portal/Escal.

Planta/Puerta

Distrito

Ciudad

C. Postal (ZIP)

Provincia/Región/Estado

Código País

4. Datos bancarios

Tipo de cuenta (IBAN / OBAN)

Número de cuenta

Banco (BIC)

Titular

5. Declaración de carecer de identificación a efectos del IVA
 Declaro carecer de identificación a efectos del IVA en otro país de la UE

6. Inclusión anterior en el Régimen Especial

Régimen

Código País

NIVA / NOE

Régimen

Código País

NIVA / NOE

Régimen

Código País

NIVA / NOE

7. Comunicación de operaciones previas

 ¿Ha realizado o va a realizar operaciones incluidas en el régimen especial? Sí NO

En caso afirmativo, indique la fecha de comienzo de las operaciones: _____


Agencia Tributaria

 Teléfono: 901 33 55 33
 www.agenciatributaria.es

Declaración de inicio, modificación o cese de operaciones comprendidas en los regímenes especiales aplicables a los servicios de telecomunicaciones, de radiodifusión o de televisión y a los prestados por vía electrónica en el Impuesto sobre el Valor Añadido.

Formulario

034
Declaración de cese. Régimen exterior a la Unión
1. Causa de la presentación
 Cese

Espacio reservado para N° justificante

2. Declarante

NOE (Número identificativo de IVA de No Establecido) Apellidos y Nombre o Razón social

3. Fecha y motivo de baja

- Dejar de prestar los servicios acogidos al régimen especial
- Cambio de Régimen por nuevo Establecimiento Permanente en Estado Miembro desde la siguiente fecha: _____

NIVA

 Voluntario